

Reunión Ordinaria da Comisión de Titulación do Grao en Enxeñaría Química

Data:

29-04-2020

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 16/03/2020
2. Informes
3. Calendario e defensa e avaliación de TFG (Acordo de C.G 22/04/2020)
4. Aprobación das modificación das guías docentes do Grao ao abeiro da Resolución Reitoral de 23 de marzo e o acordo de Consello de Goberno de 22 de abril de 2020.
5. Quenda aberta

Asistentes:

M.S. Freire, A. Mosquera, M.C. Palacios, M.A. Val J. González

**Excusan a súa
asistencia:**

A. Franco, J.M. Garrido, R.A. Guerra, M.A. Sotelo,

O día 29 de abril ás 16:00 h por videoconferencia (MS Teams), reúnese a Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química cos asistentes que se indican.

1. Aprobación das actas da Comisión da Titulación do 16/03/2020

Apróbase a acta da reunión da Comisión da Titulación do 16/03/2020.

2. Informes

2.1. Presentado o documento do Ranking de El Mundo

O 11 de marzo de 2020 enviouse o documento do Ranking de El Mundo do ano 2020.

2.2. Informe sobre o desenvolvemento da docencia en remoto



@etse_usc

@EnxQuim_USC

O día 17 de abril de 2020 envíase un informe de seguimento da docencia non presencial debida á suspensión da docencia presencial establecida o 16/03/2020 pola expansión do COVID-19 solicitado pola ETSE por petición da vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional (Inclúese no Anexo I). Nel infórmase que a docencia estase a impartir sen problemas empregando as ferramentas dispoñibles, fundamentalmente Moodle, MS Teams e correo electrónico.

2.3. Modificacións introducidas ao abeiro da Resolución Reitoral do 23 de marzo como consecuencia da suspensión temporal da docencia presencial

O día 25/03/2020 publícase unha instrución para a modificación das guías docentes das materias do segundo semestre segundo á R.R. do 23 de marzo de 2020. O prazo para que o profesorado incorpore as modificacións pertinentes é o 13 de abril. Todas as guías das materias afectadas son modificadas axeitadamente.

2.4. Solicitude de dispensa de asistencia a clase

Recíbese un correo da alumna C.G.G. no que solicita debido á situación persoal que alega e xustifica que se lle dispense de asistir ás clases de Enxeñaría de Procesos, así como a adaptación dos sistemas e mecanismos de avaliación.

O día 14/04/2020 consultase sobre a resposta a dita petición (consultada previamente a docente da materia) e non habendo comentario en contra se lle responde o seguinte:

Dende o comezo do período de confinamento a causa do COVID-19 a materia Enxeñaría de Procesos vense impartindo de xeito non presencial, como vos foi comunicado a todos os alumnos pola profesora da materia na primeira semana do peche a través do Campus Virtual, de xeito que agora non é preciso asistir a clase para realizar ningunha actividade presencial. Polo tanto non procede a dispensa de asistir ás clases. No que respecta a avaliación aínda non se sabe como vai a ter lugar, xa que entre outras opcións existe a posibilidade de que se realice tamén de xeito non presencial. En todo caso sobre este aspecto se informará tamén aos alumnos no momento en que se tome a decisión.

Incluíuse tamén a información sobre a nova metodoloxía empregada na materia aportada pola profesora e que xa lles foi comunicada.

3. Calendario e defensa e avaliación de TFG (Acordo de C.G 22/04/2020)

Segundo do ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DO 22 DE ABRIL DE 2020, POLO QUE SE REGULA O RÉXIME ESPECIAL DA AVALIACIÓN DO CURSO 2019-2020 COMO CONSECUENCIA DA SUSPENSIÓN DA DOCENCIA PRESENCIAL POLA COVID-19 a universidade solicita que de ser o caso se indiquen as modificacións que se queren facer nos calendarios de defensa dos TFG. Por ese motivo propomos os seguintes cambios que implican un retraso nas datas de entrega e defensa dos TFG adaptándose aos novos períodos propostos no seguinte texto:

"Os TFG e TFM poderán defenderse con carácter xeral desde o 5 ao 24 de xullo e desde o 3 ao 30 de setembro de 2020. Non obstante, os Centros poderán programar, excepcionalmente, previa comunicación á Secretaría Xeral, datas de lectura anteriores ás citadas, para aqueles alumnos que acrediten cumprir os requisitos para proceder á defensa do TFG e TFM. Para determinar o cumprimento destes requisitos terase en conta o previsto na Resolución Reitoral de 27 de marzo sobre prácticas académicas externas."

Polo tanto, a proposta acordada cos outros títulos do centro é:

Xullo: Data de lectura os días 22, 23 e 24 de xullo (un día mais porque non sabemos como será a velocidade do proceso, se é virtual e podemos precisar máis tempo). Polo tanto poderían entregar ata o día 6 de xullo de 2020.

Setembro: Data de lectura os días 22 e 23 de setembro e poderían entregar ata o 3 de setembro.

4. Aprobación das modificación das guías docentes do Grao ao abeiro da Resolución Reitoral de 23 de marzo e o acordo de Consello de Goberno de 22 de abril de 2020.

Só se modificaron e revisaron as guías do segundo semestre do curso.

Expresión gráfica e economía de empresa non teñen data de aprobación dos seus respectivos departamentos.



@etse_usc

@EnxQuim_USC


Apróbanse todas as guías incluíndo as de expresión gráfica e economía de empresa en espera de que se inclúa a data de aprobación dos departamentos.

5. Quenda aberta

Discútese sobre a posibilidade de Atendendo á petición dos alumnos unicamente na convocatoria de xullo, e tendo en conta a situación tan excepcional na que nos atopamos, os alumnos de forma opcional non teñan que entregar o documento dous (prego de condicións e estudo de seguridade e saúde), se non o teñen elaborado, xa que non vai ser avaliado. A opinión global é que non.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza ás 17:45 h.

En Santiago de Compostela, a 29 de abril de 2020



Asdo.: Anuska Mosquera Corral
Coordinadora do Grao